

ELA NON QUERÍA



- Xoana, pero que che pasou que tes o ollo morado?, pregunta Pepe, o profe de Mates.
- Nada, nada, foi cunha porta -contesta ela cravando a mirada no chan.
- Xoana pero como ías facer iso cunha porta, ti es consciente?
- É igual, deixa o tema, non quero falar diso.
- Os teus pais saben isto ou terei que falar con eles?
- Non, non, isto ocorreu hoxe, entón eles non saben nada.
- Cando foi isto? Con que porta? A que hora?
- Cala Xoana! Nin se che ocorra dicir nada -interveu o seu mozo.

Xoana comeza a chorar, vaise correndo da aula e escapa para o baño. Deseguido o seu profesor corre na súa busca, e atrápaa no comedor.

- Isto ten algo que ver con Lois, verdade? -Pregunta Pepe.
- El... El... El...
- Sshh! Cala Xoana, sei que foi Lois. Por algo te mandou calar.

Xoana e Pepe quedan en silencio, uns segundos despois:

- Maltrátame, pégame, insúltame... É coma se eu non vales nada. -Relata Xoana.

-Hai unha semana tivemos que facer un traballo xuntos e fun a súa casa. Estabamos no salón e dixo que tiña a mochila arriba, no seu cuarto. Entón subín a por ela. Cando me decatei el estaba na habitación, coa porta pechada.

Pasou o que pasou, eu díxenlle que non quería, cerrei os ollos e agardei a que todo pasara. Hoxe ameazoume e pegoume para que non dixera nada. Agora que o contei vaime matar.

3ºA

Diego Cameán Garrido Ángel Rubén Luna Rego Roi Lorenzo Dieste María González Martínez Laura Puga Gómez

